
CONTOS POR TELÉFONO

Texto de GIANNI RODARI

Ilustracións de PABLO OTERO

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Encadernado en cartón. 16 x 23,5 cm. 160 páx. 18 €

ISBN 978-84-8464-759-1. Fóra de colección

Era unha vez...

... o Sr. Bianchi, de Varese. Era representante de comercio e seis de cada sete días pasábaos viaxando por toda Italia, do leste ao oeste, ao sur, ao norte e polo medio, vendendo medicamentos. O domingo volvía á casa, e o luns pola mañá marchaba outra vez. Pero antes de partir, a filla dicíalle: «Por favor, papá: cada noite, un conto».

Os 70 relatos deste libro maxistral son alfaias da literatura breve, exercicios de imaxinación a raudais adobiadas de sentido do humor e surrealismo. Uns beben das fontes de clásicos como a Alicia de Carroll ou inspíranse nos contos tradicionais; outros presentan personaxes novos ou obxectos inexistentes nomeados con palabras inventadas. Gianni Rodari xoga coa sonoridade da linguaxe, practica unha escrita metafórica de frases curtas e directas coa que potencia a oralidade.

Combinando historias intrigantes, ledas, entrañables ou tristes, "Contos por teléfono" tamén reivindica a liberdade, rexeita a guerra, e activa a reflexión por parte dos lectores. Sería moi complexo escoller un favorito, porque todos son cativadores, frescos e cun final do máis sorprendente.

As ilustracións de Pablo Otero -pintura acrílica sobre lenzo- destacan polo seu valor simbólico, a proliferación de formas e figuras xeométricas, e o protagonismo da cor. Cunha estética 'rodariana', mesturan onomatopeas, dobres sentidos, caricaturas e refinados códigos visuais, cun vistoso resultado.



-
- **Temática:** relatos breves.
 - **Idade recomendada:** dende 7 anos.
 - **Aspectos destacables:** do autor de "Confundindo historias", "Inventando números", "Que fai falta?" e "Gramática da fantasía"; do ilustrador de "O príncipe das sombras", "Mateo", "Gramática da fantasía" e "ABC diario".
-

Gianni Rodari

(Omegna, 1920 - Roma, 1980)

O gran renovador da Literatura Infantil e Xuvenil foi político, xornalista, pedagogo e escritor; nesta última faceta logrou o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e traballou impartindo clases particulares. Polo seu vínculo co Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu L'Ordine Nuovo e, trala súa incorporación a L'Unitá, comezou a cultivar a súa paixón pola literatura infantil: "O planeta das árbores", "Contos longos como un sorriso", "As aventuras de Cipollino", "O libro das retahílas"... Algunhas das súas obras mestras son "Contos por teléfono", "Contos a máquina" e "Contos para xogar": pensáronse para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade tamén pode ser sinónimo de boas historias, e permitir que o lector poida escoller o final do conto.

Pablo Otero

(Ourense, 1970)

Iniciou a súa traxectoria na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Expuxo os seus debuxos, esculturas e pinturas en diversas galerías galegas. Obtivo unha mención de honra no Premio Libreter por "Mateo" (KALANDRAKA), o 1º Premio de Escultura no I Salón de Arte Xoven de Ourense (1992), o María Casares de Escenografía (1999) e un accésit do Premio Lazarillo.